# 4 Xogamos na casa



**SABER FACER**

**TAREFA FINAL**

Resolver pasatempos para divertírmonos na casa.



dominó



parchís



boneca



baralla



buxaina



birlos

## Falamos

1. Onde están xogando os nenos? Parécese ao teu cuarto ou é distinto? Explica.

2. Con cal destes xoguetes podes xogar ti só? Marca e explica como se xoga.



3. Arrodea co que xogas dentro e fóra da casa.



- Explica a túa elección e compáraa coa dos compañeiros.

4. Debuxa o teu xoguete favorito.

- Conta con quen xogas con el e onde.

# Os tres porquiños

**Fala cos teus compañeiros**

- Que animais hai na lámina? Onde están?
- Que fan os porquiños? Cres que o están pasando ben? Por que?
- Que lle pasaría ao lobo no rabo?



## EDUCACIÓN EN VALORES. Esforzámonos por facer ben o traballo

- Cal dos irmáns se esforzou máis dos tres?
- Valeulle a pena a Quino facer ben o traballo? Por que?
- Conta algunha situación en que te esforzases por facer ben o traballo.

**1** Arrodea os personaxes do conto.









**2** Que quería facer o lobo? Marca e escribe.

- ☐ bailar cos porcos.
- ☐ comer os porcos.



O lobo quería

**3** Como se sente Fino neste momento? Marca.



- ☐ Está moi enfadado.
- ☐ Está moi asustado.

**4** Que casa non puido derrubar o lobo? Colorea.







**1** Le e aprende.

g G



go | rro

gorro

ga go gu

gu



gui | ta | rra

guitarra

gue gui

 gaiola  lagoa  buguina

sangue auga lingua guinda Guiomar



Miguel ten un papagaio
que repite seguido:
– Ola, ola, amigo!

**2** Que lles gusta? Relaciona.

Gústame o aguacate.



A min, os cogomelos!

**3** Completa cada palabra.

ga go gu

lin ado







lo

rila

gue gui



lon inón



a a

**4** Escribe no seu lugar.

leituga
eiruga





fogueira
foguete





**5** Completa co que corresponde.

regadeira

mangueira

Gustavo rega coa .



# Construímos casas

**1** Como se constrúe unha casa? Ordena e explica.







**2** Quen traballa na construción dunha casa?
Observa e escribe.

| carpinteiro | pintor | arquitecto | fontaneiro |
|---|---|---|---|



**3** Que utiliza cada un? Une.



carpinteiro





pintor





albanel



**4** Ordena as casas da máis antiga á máis moderna.
Escribe 1, 2 e 3.







Para facer unha casa compren albaneis, carpinteiros, pintores...

# As letras **Z** e **C**

**1** Le e aprende.

z Z



zo ca zoca

zo za zu

c C



cin to cinto

ci ce

 mazá

 ourizo

 anzol

almorzo ceo cinza cidade Icía

Zoilo, o cempés, danza
encima dunha cabaza.



**2** Le e numera.

☐ Un cazo con cenorias.

☐ Un cesto con noces.

☐ Unha cesta con cebolas.

☐ Un testo con azucenas.



**3** Arrodea o z e copia cada palabra.

 arroaz

un

 nariz

un

 rapaz

un

**4** Completa cada palabra.

za zo zu

po 

 pin

me 


ce ci

doni la 

 bu na

**5** Relaciona e copia.

O ourizo
O cisne

ten

un lazo azul.
zapatos novos.

 O cisne

O ourizo 

# Distintos tipos de casas

**1** Observa e une.

## Casa de pisos

escaleira

portal



azotea

garaxe

**2** Escribe o nome das partes desta casa.

## Casa unifamiliar

ventás
tellado
porta
balcón



**3** Elixe e completa.

unha familia | varias familias

Nunha casa unifamiliar vive

Nunha casa de pisos viven



**4** Que casa se parece máis á túa? Marca e explica.







▸ Cantos pisos ten o edificio en que vives?

As persoas vivimos en casas moi diferentes.

# A letra X

**1** Le e aprende.

x X  xi | ra | sol xirasol

xi xo xa xe xu

 xamón  xersei  perexil

caixa lonxe xoguete axuda maxia

O xabaril saíu da cama.
Fixo exercicio en pixama.
Lixeiro as pernas movía:
arriba, abaixo;
abaixo, arriba.



**2** Que ves na casa de Quino? Marca.



- ☐ Un reloxo na parede.
- ☐ Unha reixa na xanela.
- ☐ Un coxín na cadeira.

**3** Arrodea as palabras con x.

caixa espazo reixa sorriso lixo mosca

**4** Fíxate na outra pronuncia do x, le e copia.

O x tamén soa coma en 

 extintor  saxofón  xilófono




Máxima é unha taxista experta.

**5** **CALIGRAFÍA.** Copia con boa letra e relaciona.

Unha tixola oxidada.



Un paxaro exótico.



# A casa por dentro

**1** Observa o plano e escribe cada palabra no seu lugar.

| dormitorio | baño | cociña | salón |
|---|---|---|---|




**2** En que cuarto realizas cada actividade?
Escribe o número.













**3** En que cuarto os poñerías? Colorea.

baño salón dormitorio



**4** Para que serven estes aparellos? Une.





Para lavar a vaixela.

Para cociñar.

Para lavar a roupa.



As casas teñen varios cuartos: cociña, salón, baño, dormitorio…

# Imos escribir

**1** Completa coa letra que falta. Despois relaciona.

g gu c x



| | | |
|---|---|---|
| laran___as | | fi___eira |
| fi___os | | no___eira |
| no___es | | laran___eira |
| ___erei___as | | ___erdeira |

**2** Escribe as frases e completa o debuxo.

cinco luces acesas

unha luz apagada



**3** Copia coa túa letra.

pixama

xoguete

zapatos

**4** Completa as oracións e despois escríbeas seguidas.



de excursión | de paseo

Hoxce fomos




o zoo | o cine

Visitamos de Vigo.



o lince | a xirafa

Gustoume moito

1.

2.

3.

**5** **DITADO.** Separa ben as palabras ao escribir.

# Unha casa excelente

Fino, Nico e Quino fixeron unha casa para cada un. Despois puxéronse a xogar e cantar. Ao lonxe, o lobo feroz axexábaos atento.




Un día, o lobo derrubou a casa de Fino e a de Nico para comelos. Por sorte, eles puideron fuxir a tempo. E refuxiáronse na casa de Quino.




O lobo non conseguiu tirala. Era moi resistente. Así que se meteu por arriba e... zas!, caeu no lume. Logo, fuxiu e non volveu. Os irmáns felicitaron a Quino pola súa casa.



**1** **VOCABULARIO.** Que fai o lobo? Arrodea a palabra.



Ouuu!

canta    ornea    berra    ouvea

**2** Une as palabras que rematan igual e completa o poema.

| | |
|---|---|
| logo | xoguetes |
| foguetes | xogo |



Dona Xoguetona fai xoguetes:
bonecas, carros e ______.
Se ti queres algún xogo,
dona Xoguetona faino ______.

**3** Ordena as sílabas e forma nomes. Despois colorea os que empezan por x.



XÍ  U  A

XA  XON

LA  XE

XE  LIO  RO

APRENDEMOS MÁIS

## Materiais para construír casas

Arxila





Metal





Pedra





1 Con que materiais se construíron estas casas? Coloca cada adhesivo onde corresponda.









Cristal



Plástico



Madeira



**2** Que materiais se utilizaron no balcón?
Observa e escribe cada número no seu lugar.

1. metal
2. madeira
3. cristal
4. plástico



## Resolver pasatempos



Dentro da casa pódese xogar con moitos enredos, coma os pasatempos. Anímate a resolvelos!

**1** Busca as 6 diferenzas e arrodéaas.





**2** Escribe as letras que faltan para encadear palabras.

   

CARACO[L] [ ]UR[ ] [ ]BESOUR[ ] [ ]URIZO

**3** Resolve o encrucillado e atopa a resposta para a pregunta nos cadros sombreados.






| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | C | | | |
| C | | | | | |
| | | C | | | |
| C | | | | | |

▸ Que animal quedaba saltando na poza?

**4** Procura na sopa de letras catro palabras con que se pode nomear a casiña da ilustración.



| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | S | O | U | P | A |
| A | C | E | S | O | T | O |
| B | A | R | R | A | C | A |
| A | L | C | V | S | I | U |
| N | C | A | S | E | T | O |
| A | B | F | E | R | U | G |

caseto

casoupa

cabana

barraca

**5** Escribe a primeira letra do nome de cada debuxo e descubre a mensaxe.



B ... !

**1** Colorea estes nomes seguindo o código dos pinceis.


pezas de roupa



| | | | |
|---|---|---|---|
| xersei | cereixas | zapatos | cenorias |
| xamón | calcetíns | guindas | pixama |

**2** Completa coas palabras cruzadas.



GA


OU

ZO



GUI

**3** Que fan? Elixe e escribe.

debuxa no encerado. | almorza cereais.


Xiana

Gonzalo


4 Debuxa.

| Casa de pisos | Casa unifamiliar |
| --- | --- |
| | |

5 Marca os cuartos dunha casa.

- ☐ cociña
- ☐ almacén
- ☐ consulta
- ☐ salón
- ☐ baño
- ☐ comedor
- ☐ dormitorio
- ☐ aula

6 Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- ☐ Na parte superior da casa está o tellado.
- ☐ O fontaneiro pon os tubos da casa.
- ☐ As casas fanse con cemento e cartón.
- ☐ A consulta é un cuarto da casa.